



Xogade

XADREZ

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

XADREZ NA ESCOLA

XUSTIFICACIÓN:

Esta unidade didáctica está pensada para alumnos de 2.º de primaria.

Con esta actividade preténdese introducir os/as nenos/as no coñecemento do xogo do xadrez, como forma lúdica de desenvolver a propia personalidade e os hábitos persoais de autodisciplina, concentración e xogo limpo, así como no gozo dunha práctica deportiva que exercita todas as súas capacidades mentais.

POR QUE?

- É un deporte que estimula o enorme valor educativo de saber gañar e perder, e que a motivación aparece de forma case espontánea.
- O xadrez desenvolve a axilidade mental e mellora as habilidades psicosociais tales como a concentración, a intuición, a creatividade, a capacidade de síntese e a memoria.
- Así mesmo, nos estudos realizados por expertos en psicoloxía, o xadrez estimula, desenvolve e disciplina a intelixencia afirmando que non existe ningún outro deporte-ciencia-xogo que se aproxime tanto á lóxica pura e á dedución propias do pensamento moderno. Este simple feito dálle un enorme valor educativo ao xadrez.
- Tamén se ten a satisfacción de axudar a alumnos con problemas tantos físicos como psíquicos a integrarse a través deste deporte nun grupo que non o discriminará e que lle vai facer sentir cómodo nun ámbito xadrecístico e social.
- O xadrez é un deporte onde non existe diferenza entre homes e mulleres, e fomenta a educación para a igualdade.
- Existe unha opinión contrastada e xeneralizada de que o xadrez constitúe un magnífico exercicio formativo.
- Ao mesmo tempo, é unha actividade que pode practicar en familia, xa que a idade non é significativa na actividade.
- Como complemento a estas razóns, cómpre dicir que o xadrez se recomenda como materia nos plans de estudos da educación primaria e secundaria pola

UNESCO. Proba disto é a moción que desde o Senado se lle presentou ao Goberno para introducir o xadrez como materia optativa en 1995.

OBXECTIVOS:

- Familiarizarse cos aspectos formais do xogo: coñecer o taboleiro e as pezas.
- Profundar nos requisitos funcionais do xogo: regulamento, normas, quenda de xogo, tempo etc.
- Desenvolver os pre-requisitos para xogar no futuro ó xadrez cunha base sólida: estruturación espazo-temporal, orientación espacial, memoria, etc.
- Espertar o interese cara ao xadrez.
- Gozar co xogo.
- Estimular o desexo de aprender.
- Concienciar o respecto ás normas.
- Adoptar actitudes deportivas. Aprender a gañar e a perder.
- Tomar decisións propias con criterio.
- Desenvolver a concentración, a memoria e a creatividade do alumno.
- Adquirir hábitos de silencio.

CONTIDOS

- O taboleiro. As casas, as filas, as colunas, as diagonais e a colocación. Xogadores, nomes e cores de peóns e pezas.
- Movemento e captura dos peóns, alís, cabalos, torres, dama, e rei
- Valor das pezas
- Xaque e xaque mate.
- Sentido da orientación: arriba, abaixo, esquerda, dereita, centro e lado. Práctica dos movementos: peón, torre, alfil, dama, rei e cabalo.
- Afección polo xogo e as actividades en grupo.
- Interese polo coidado e colocación do material.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Avaliación inicial: débese valorar a característica do grupo? tanto situación social, a diversidade... Dos recursos dispoñibles e os espazos dispoñibles.

Avaliación continua: durante a realización das actividades ir vendo o progreso de cada un dos membros do grupo, a súa participación e interese.

Avaliación final: valoración do grao de consecución dos obxectivos marcados inicialmente, da participación dos alumnos e do papel do profesor.

TEMPORIZACIÓN

Cada sesión de 50 minutos.

Sesión 1: pequena historia introdutoria, taboleiro e peón.

Sesión 2: repaso peón e torre.

Sesión 3: repaso sesión 2 e alfil.

Sesión 4: repaso sesión 3 e dama.

Sesión 5: repaso sesión 4 e rei.

Sesión 6: repaso sesión 5 e cabalo.

Sesión 7: repaso sesión 6, valor das pezas e xaque.

Sesión 8: repaso sesión 7, xaque mate.

METODOLOXÍA

Propónse a alternancia entre os estilos de ensino máis directivos e outros máis democráticos, segundo o obxectivo de cada sesión. A metodoloxía axustarase ás idades, xa que os nenos e nenas experimentan unha evolución non só pola súa idade e maduración senón tamén na súa capacidade de adaptación ao sistema.

Así, combinaranse actividades grupais, máis lúdicas, con outras individuais máis directivas, e con máis frecuencia o traballo en pequenos grupos ou parellas.

As actividades introdutorias serán xeralmente máis globais e as actividades propias do contido xadrez serán máis específicas e individualizadas. Así, preténdese adaptar o contido ás posibilidades reais de cada neno/a, e non ao revés.

Combinaranse así mesmo as tarefas nas que o/a neno/a crea materiais, historias etc. con outras máis expositivas nas que o docente explica un contido.

Dentro das posibilidades de cada un, o material escollido fomentará a creatividade e a socialización dos integrantes de cada grupo, pondo especial énfase na creación de dinámicas de grupo e sentimentos de pertenza.

AVALIACIÓN

Para a avaliación da actividade expóñense 3 aspectos:

- Avaliación do proceso de ensino aprendizaxe: este avaliarase a través de actividades de síntese e do rexistro sistemático do efecto que producen as distintas actividades propostas, o grao de consecución dos obxectivos, a medida en que se adquiren os contidos ou a idoneidade das distintas metodoloxías empregadas.
- Avaliación do/da alumno/a: realizarase un seguimento individual do progreso do/da alumno/a, e valorarase non só o seu nivel de xogo ou coñecementos, senón o desenvolvemento dos distintos factores e hábitos que condicionarán no futuro a súa evolución no xogo. No caso de participar na competición escolar, esta será tamén un medio de avaliación do progreso do alumno, e un marco oportuno para levar á práctica as aprendizaxes e hábitos que se adquiriron.
- Avaliación do docente: que realizará un autorregistro das estratexias empregadas, as metodoloxías postas en práctica, a retroalimentación que proporciona etc.

RECURSOS

1. Precisaranse os seguintes materiais:
2. Folios, lapis, tesoiras e material escolar en xeral.
3. Xogos de pezas e taboleiros (un cada dous/dúas alumnos/as).
4. 1 Taboleiro mural con pezas.
5. Fotocopias.
6. Xogos educativos.
7. Un cartafol do alumno para gardar os materiais utilizados.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O xadrez é un deporte sen barreiras físicas, é un deporte integrador nese sentido. O profesor debe ter en conta, as capacidades mentais de cada un dos seus alumnos, tanto para aqueles que teñen dificultades para reter conceptos novos, como tamén para os que teñen unha gran facilidade.

SESIÓNS.

8 sesións, cada unha delas de 50 minutos.

O número de sesións (8-12), respectará o seguinte modelo de sesión:

Cando se pon anexo número de páxina é do libro que se toma como referencia e é o libro xadrez para todos, que todo o mundo pódese descargar o pdf en http://www.fegaxa.org/fotos/1260378301_b1yk.pdf e que se atopa nas bibliotecas dos centros educativos de Galicia.

SESIÓN: 1

OBXECTIVOS:

- Introducir o alumno nas orixes do xadrez.
- Familiarizalos co taboleiro: diagonal, columna, fila e colocación.
- O nome das pezas.
- Aprender o movemento e captura do peón.

CONTIDOS:

- O taboleiro.
- Os conceptos de diagonal, fila e diagonal.
- Nome da peza.
- O peón.

| DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | | | |
|------------------------------------|---|-------------------------|----------------------------------|
| INTRODUCCIÓN | OBXECTIVO | EXERCICIO | DEBUXO EXPLICATIVO DA ACTIVIDADE |
| | Coñecer os orixes do xadrez | | Páxina 4 |
| | Familiarizarse co taboleiro | | Páxina 5-7 |
| | | | |
| PARTE PRINCIPAL | Familiarizarse cos nomes e a colocación das pezas | | Páxina 8-12 |
| | O movemento do peón | | Páxina 14 |
| | A captura do peón | | Páxina 18 |
| POSTA EN PRÁCTICA DOS COÑECEMENTOS | Reforzar coñecemento sobre o peón | Partidas de peón judoka | Páxina 17 |
| | | | |
| | | | |

SESIÓN: 2

OBXECTIVOS:

- Reforzar os coñecementos adquiridos nas sesións anteriores.
- Aprender o movemento e a captura da torre.

CONTIDOS:

- Repaso sesión anterior.
- A torre. Movemento e captura.

| DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | | | |
|---------------------------------------|---------------------------------|--------------------------------|---|
| INTRODUCCIÓN REPASO | OBXECTIVO | EXERCICIO | DEBUXO EXPLICATIVO DA ACTIVIDADE |
| | | Partida de repaso do movemento | Páxina 23 |
| | Repasar o movemento do peón | | Páxina 22 |
| | Repasar a captura do peón | | |
| PARTE PRINCIPAL | | | |
| | Coñecer movemento da torre | | Páxina 28 |
| | Aprender como capturar a torre | | Páxina 29 e 30 |
| POSTA EN PRÁCTICA DOS COÑECEMENTOS | | | |
| | Reforzo coñecementos adquiridos | | Páxina 34 |
| | | | Partida de peóns e torres contra peóns e torres |

SESIÓN: 3

OBXECTIVOS:

- Reforzar os coñecementos adquiridos nas sesións anteriores.
- Aprender o movemento e a captura do alfil.

CONTIDOS:

- Repaso sesión anterior.
- O alfil e o movemento e captura.

| DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | | | |
|---------------------------------------|---------------------------------|-----------|---|
| INTRODUCCIÓN REPASO | OBXECTIVO | EXERCICIO | DEBUXO EXPLICATIVO DA ACTIVIDADE |
| | | | |
| | Repasar o movemento do peón | | Partida de peóns e torres . |
| | Repasar o movemento da torre | | |
| | | | |
| PARTE PRINCIPAL | | | |
| | Coñecer movemento do alfil | | Páxina 36, 37 |
| | Aprender como captura os alfís | | Páxina 38 |
| | | | |
| POSTA EN PRÁCTICA DOS COÑECEMENTOS | | | |
| | Reforzo coñecementos adquiridos | | |
| | | | Partida de peóns, alfís e torres contra peóns, alfís e torres |

SESIÓN: 4

OBXECTIVOS:

- Reforzar os coñecementos adquiridos nas sesións anteriores.
- Aprender o movemento e como captura a dama.

CONTIDOS:

- Repaso sesión anterior.
- A dama. O movemento e a captura.

| DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | | | |
|---------------------------------------|---------------------------------|-----------|--|
| INTRODUCCIÓN REPASO | OBXECTIVO | EXERCICIO | DEBUXO EXPLICATIVO DA ACTIVIDADE |
| | | | Páxina 41 |
| | Repasar as pezas coñecidas | | |
| | | | Páxina 42 |
| | | | |
| PARTE PRINCIPAL | | | |
| | Coñecer movemento da dama | | Páxina 44 |
| | Aprender como captura a dama | | Páxina 46 |
| | | | |
| POSTA EN PRÁCTICA DOS COÑECEMENTOS | | | |
| | Reforzo coñecementos adquiridos | | Partida de dama contra 8 peóns. |
| | | | Partida de peóns e damas contra peóns e damas. |

SESIÓN: 5

OBXECTIVOS:

- Reforzar os coñecementos adquiridos nas sesións anteriores.
- Aprender o movemento e como captura o rei.

CONTIDOS:

- Repaso sesión anterior.
- O rei. O movemento e a captura.

| DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | | | |
|---------------------------------------|---------------------------------|-----------|--|
| INTRODUCCIÓN REPASO | OBXECTIVO | EXERCICIO | DEBUXO EXPLICATIVO DA ACTIVIDADE |
| | | | Anexo 50 |
| | Repasar as pezas coñecidas | | Partida damas contra oito peóns |
| | | | |
| PARTE PRINCIPAL | | | |
| | Coñecer movemento do rei | | Páxina 59 60 e 63 |
| | Aprender como captura o rei | | Páxina 61 |
| POSTA EN PRÁCTICA DOS COÑECEMENTOS | | | |
| | Reforzo coñecementos adquiridos | | Páxina 66 |
| | | | Partida de peóns e rei contra peóns e rei. |

SESIÓN: 6

OBXECTIVOS:

- Reforzar os coñecementos adquiridos nas sesións anteriores.
- Aprender o movemento e como captura o cabalo.

CONTIDOS:

- Repaso sesión anterior
- O rei. O movemento e a captura.

| DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | | | |
|---------------------------------------|---------------------------------|-----------|---|
| INTRODUCCIÓN REPASO | OBXECTIVO | EXERCICIO | DEBUXO EXPLICATIVO DA ACTIVIDADE |
| | | | Partida con todas as pezas que coñecemos |
| | Repasar as pezas coñecidas | | |
| | | | |
| PARTE PRINCIPAL | | | |
| | Coñecer movemento do cabalo | | Páxina 52 |
| | Aprender como captura o cabalo | | Páxina 53 e 54 |
| POSTA EN PRÁCTICA DOS COÑECEMENTOS | | | |
| | Reforzo coñecementos adquiridos | | Páxina 58 exercicio b |
| | | | Partida de peóns e cabalos contra peóns e cabalos |

SESIÓN: 7

OBXECTIVOS:

- Reforzar os coñecementos adquiridos nas sesións anteriores.
- Aprender o movemento e como captura o cabalo.

CONTIDOS:

- Repaso sesión anterior.
- Valor das pezas.
- Xaque. Que é?

| DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | | | |
|---------------------------------------|---------------------------------|-----------|----------------------------------|
| INTRODUCCIÓN REPASO | OBXECTIVO | EXERCICIO | DEBUXO EXPLICATIVO DA ACTIVIDADE |
| | | | Partida con todas as pezas |
| | Repasar as pezas coñecidas | | |
| | | | |
| PARTE PRINCIPAL | | | |
| | Coñecer o valor das pezas | | Páxina 70, 72 |
| | Aprender o concepto de xaque | | Páxina 106 |
| POSTA EN PRÁCTICA DOS COÑECEMENTOS | | | |
| | Reforzo coñecementos adquiridos | | Partida gaña o que dea 3 xaqes. |
| | | | |

SESIÓN: 8

OBXECTIVOS:

- Reforzar os coñecementos adquiridos nas sesións anteriores.
- Coñecer que se pode facer contra un xaque.
- Aprender que é o xaque mate.

CONTIDOS:

- Que posibilidades hai contra un xaque?
- Xaque mate.

| DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | | | |
|---------------------------------------|---|-----------|---|
| INTRODUCCIÓN REPASO | OBXECTIVO | EXERCICIO | DEBUXO EXPLICATIVO DA ACTIVIDADE |
| | | | Partida gaña o que dea 3 xaqes. |
| | Repasar coñecementos previos | | |
| | | | |
| PARTE PRINCIPAL | | | |
| | Coñecer que se pode facer contra un xaque | | Páxina 108. 110 112 |
| | Aprender o concepto de xaque mate | | Páxina 114. 115 |
| POSTA EN PRÁCTICA DOS COÑECEMENTOS | | | |
| | Reforzo coñecementos adquiridos | | Partida que se gaña os 3 xaqes o có xaque mate. |
| | | | |

Biografía: Para realizar esta unidade didáctica :
Xogando ó xadrez. José Antonio González Coto
Apuntes curso de monitores fegaxa. Edda Georgina Beltrán.